
O CIMNE presenta no CESGA o Paquete Software GiD de pre e postproceso en métodos numéricos

- Actualizado (13.09.2005)

O obxectivo da presentación é describir GiD, un sistema de pre e postproceso para análise por métodos numéricos como Elementos Finitos, Diferenzas Finitas ou outros desenvolto polo International Center for Numerical Methods in Engineering da Univesidade Politécnica de Cataluña.

A presentación terá lugar no CESGA o Xoves 9 de Marzo ás 11:00h.

Na presentación introducirase o funcionamento básico do sistema, as súas posibilidades de xeración de malla e de visualización así como as técnicas de adaptación de GiD con calquera programa de cálculo.

Asimesmo, introducirase GiD+, que é un entorno creado sobre GiD onde poden inserirse diversos módulos de cálculo.